



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Novembro 2019 • Nº 242



NOVIEMBRE

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

VIAJE A ARXENTINA CO CONCELLO DE VEDRA

■ Do 3 ao 13 de decembro de 2019.

Prezos por persoa:

- Só voos, Santiago - Bos Aires e Bos Aires - Santiago: 900 €
- Hotel Vedra + voos ida e volta + traslados + seguro: 1380 €
- Excursión a Iguazú (opcional), inclúe voos, hotel, traslados, guía e entradas ao parque: 485 €

Prazas limitadas!!!.

Aínda quedan prazas libres!!

Chama antes do 15 de novembro ao 981 814 691
ou escribe a cultura@concellodevedra.com



VIAJES *El Corte Inglés*

AXENDA PARA O MES DE NOVIEMBRE

- A **Semana de Vedra nas Cancelas** do 31 de outubro ao 9 de novembro. Bótalle un ollo á programación.
- **Unha volta á camelia**. Proxecto de actividades relacionadas coa camelia para o mes de novembro.
- **Monográfico literario 29 de novembro** ás 20:00 horas na Biblioteca de Vedra.
- **Axenda de actividades para a terceira idade...** no interior.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- **Concerto da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla** o 16 de novembro.
- **Xornadas micolóxicas Cogomelar**, o 16, 23 e 30 de novembro, coa **Asociación AMABUL**.
- **Aula de inverno "A Vespa Velutina"** da **Asociación AMABUL**, o 30 de novembro.

O SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL!!

■ O novo servizo de Novas por whatsapp do Concello de Vedra conta xa con máis de 200 contactos que coñecen de primeira man toda a información de interese de Vedra.

O reto é seguir medrando para que todas as persoas usuarias del pódan a actualidade municipal e asociativa de Vedra así como toda a información doutras entidades (Xunta, Deputación,...) de interese xeral.

Para incluírte no servizo só tes que enviarnos un Whatsapp ao teléfono 663 893 398 co texto: Alta no servizo de novas.

Así de sinxelo e pasarás a formar parte deste servizo a través dun grupo de difusión dende o cal recibirás a información sen posibilidade de resposta nin de que os teus datos cheguen ao resto de participantes.

NOVAS POR WHATSAPP....

SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA.... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL

SE ESTÁS INTERESADO/A ENVÍA UN WHATSAPP AO TELÉFONO 663 893 398 INDICANDO "ALTA NO SERVIZO"



VEDRA DE TAPAS

■ O Concello de Vedra en colaboración cos establecementos de hostalería asociados á marca “Tabernas da Ulla” desenvolveu con éxito de participación o Roteiro – Concurso “Vedra de Tapas” nas dúas primeiras fins de semana de outubro.

Parabéns a todos eles por participar e especialmente ás tapas gañadoras!!

E tamén a nosa noraboa a cada unha das persoas gañadoras dos sorteos celebrados do concurso!

E sen esquecermos tampouco da foto gañadora do “Concurso fotográfico” desta edición.



Foto gañadora do Concurso Fotográfico do Vedra de Tapas 2019 do Fogar do Avó.



O Capricho da Gándara, gañadora desta edición do Vedra de Tapas.



2º premio para a croca con salsa de Froitos vermellos tamén do Fogar do Avó.



3º premio para a torta de queixo con froitos do bosque do Candil.



Acto de entrega de premios do Vedra de Tapas 2019.



Así foi a charla Dorso saudable.



Así foi a viaxe ás Termas e visita ao Pazo de Liñares.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Así foi a Semana da Ciencia da Anpa CPI de Vedra no CPI Plurilingüe de Vedra.



Así foi o Circuito Galego de Teatro Amador da Asociación Cultural Papaventos.



A curta O xeneral, de Carlos Prado, gañou o II Concurso A Fume de Carozo no marco do LAV.mov.



Participantes e profesores dos obradoiros do LAV.mov do 5 e 6 de outubro.



Así foi o xantar do Espazo Activo da Ulla.



Así foi o espazo infantil no Pasabodeghas 2019

De Interese




ALUMEADO PÚBLICO AVISO

■ Como ben sabedes o Concello de Vedra conta cunha nova iluminación. O cambio das luminarias, dos cadros e dos mecanismos poden detectar posibles problemas nos cables, conexións, etc,... que unha vez localizados serán arranxados e/ou cambiados.

Por iso, nas vindeiras datas invernales poderemos atoparnos con “fallos” puntuais nalgunhas das liñas o que nos axudará a resolvelos, por este motivo pedimos desculpas por adiantado. Despois destes primeiros meses de “posta a punto” terán un funcionamento óptimo durante os vindeiros anos.

Si detectades calquera anomalía agradecemos comunicación no teléfono 920 650 635.



Iluminarias vellas en San Miguel.



Iluminarias novas en San Miguel.

PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DO CONCELLO DE VEDRA

■ O Concello de Vedra volve lanzar o Programa de Compostaxe doméstica que tan boa acollida tivo en edicións anteriores e para iso solicitou 30 novos composteiros a SOGA-



MA a fin de entregalos noutras tantas vivendas unifamiliares con terreo (horta xardín ou terras de cultivo) no que aplicar o compost resultante, pechando o círculo de aproveitamento da materia orgánica e contribuíndo deste xeito á economía circular.

En etapas anteriores deste programa, Vedra xa recibiu 170 composteiros de SOGAMA, que sumados aos solicitados agora fan un total de 200. Isto quere dicir que 200 fogares deste municipio practican a compostaxe e están a contribuír a poñer en valor a materia orgánica, ademais de diminuír a cantidade de lixo a depositar no colector verde convencional.

Se non participaches nas campañas anteriores e estás interesado en facer compost na túa casa podes solicitar un composteiro chamando ao teléfono 981814691. Contamos cun número limitado, polo que a reserva farase por orde de inscrición.

COMO RECICLAR O TEU LIXO - RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ O Concello de Vedra segue a ofrecer o servizo de recollida de voluminosos porta a porta nun esforzo máis para axudar na reciclaxe, e sobre todo, evitar as verteduras incontroladas.

- **Datas de recollida:** O **primeiro** e **terceiro** venres de mes en horario de mañá.
- **Teléfono ao que chamar:** 981 571 241 (Extensión

100). As solicitudes atenderanse ata as 17:00 h. do día anterior a cada recollida.

Punto limpo de Vedra

Un espazo ao que trasladar os teus residuos.

Horario:

- Os martes de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 10:00 a 14:00 h.

Cultura e Tempo Libre

CAMELIA

"Unha volta á camelia"

Ciclo de formación e difusión da cultura da camelia nas terras da Ulla

■ **Xoves 19 de novembro**, Centro de Formación Municipal, na Casa da Estación.

- **CHARLA - CATA:** Vén e proba o Té galego.

Charla - Cata impartida por **Carmen Salinero**, presidenta da "Sociedad Española de la Camelia" sobre os fundamentos da elaboración deste prezado produto orixinado da camelia con cata e degustación das diferentes variedades.

■ **Sábado 23 de novembro**, Casa das Artes de San Fins de Sales.

- **OBRADOIRO:** Collage-camelia.

Obradoiros de debuxo, pintura, modelado e manualidades con materiais de reciclaxe e arte floral impartido por **Delio Sánchez** (pintor e escultor). **Grupo infantil e xuvenil** (nenos e nenas a partir de 6 anos).

■ **Xoves 26 de novembro**, Centro de Formación Municipal, na Casa da Estación.

- **CHARLA - COLOQUIO:** Principais problemas na sanidade da camelia.

Xornada técnica impartida por Pedro Mansilla que foi responsable da *Estación Fitopatolóxica do Areeiro*, cen-

tro dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, dedicado á investigación práctica e ao diagnóstico en materia de fitopatoloxía forestal e agraria. A xornada abordará as principais enfermidades da camelia, destacando fungos e virus da raíz, tronco, rama, folla e flor; así coma os principais artrópodos que atacan esta planta, os insectos e os ácaros.

■ **Domingo 1 de decembro**

- **ROTEIRO:** a camelia nos pazos e casas grandes de Vedra.

Esta ruta lévanos a percorrer diversas paraxes e xardíns inéditos de Vedra relacionados co mundo da camelia. Estaremos acompañados por un guía que nos irá desvelando os segredos desta flor que ilumina o xardín de inverno.

■ **Sábado 14 de decembro**, Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.

- **VISITA GUIADA:** Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, paraíso señorial e mundo de camelias.

Esta ruta lévanos a percorrer e descubrir con novos ollos o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla da man de Carlos Rodríguez Dacal, botánico e Catedrático de ciencias naturais.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.



MONOGRÁFICOS PARA O TEMPO LIBRE

■ Unha nova aposta por actividades diferentes, dunha soa sesión con diversas temáticas.

Nesta ocasión **conversa literaria** coa autora do libro *Calas Blancas*, Emily Rodríguez Santos. E seguidamente debate con perspectiva de xénero a propósito da conmemoración do Día Internacional en Contra da Violencia de Xénero.

- Data: venres 29 de novembro.
- Lugar: Biblioteca de Vedra.
- Hora: ás 20 horas.

En Vedra conmemoramos este día cunha xornada que mesturará o cultural, co literario e por suposto a perspectiva de xénero.



Educación



VEDRA MEDRA

BO OFICIO É O QUE MANTÉN A QUEN O TEN

■ Este curso en **Vedra medra** centrará o seu traballo nas profesións e outras ocupacións das mulleres e homes do rural de antano. Estamos preparándonos para entrevistar a todos os vedreses que exerceron ou exercen un oficio dos catalogados como tradicionais.

Con outubro a piques de rematar, comezan as saídas pola contorna.

A primeira será unha ruta polo río Pereiro co alumnado de 1º da ESO.

Uns días despois, asistiremos ao *Pasabodeghas* 2019 ao que fomos convidados e onde estaremos coa exposición gañadora da X edición do Premio Proxecto Didáctico Antón Fraguas que no seu día albergou o Museo do Pobo Galego. Acompañarémola dun traballo sobre patrimonio realizado polos rapaces e rapazas



de 5º de primaria e 1º e 2º da ESO. Poderán vernos na Adega Pedreira (coa exposición **Vedra medra**) e na Adega de Bouzón no espazo dedicado a "Tradicións e costumes" coas achegas deste curso.

O mes de Santos levaraos ata Compostela, ao Museo do Pobo Galego. Alí coñecerán a colección permanente dedicada aos oficios tradicionais e á arquitectura popular.

Teñen previsto visitar a exposi-

ción dedicada a Antón Fraguas e a súa biblioteca, cun guía de excepción, Clodio González. Ademais, teremos ocasión de descubrir o museo dun xeito orixinal, a través dun xogo de pistas, o "Entramado de oficios".

En **Vedra medra** seguen mantendo o compromiso cun **patrimonio vivo**.

Bótalles un ollo no **Facebook Vedra medra**.

SEMANA DE VEDRA EN AS CANCELAS

Semana de
VEDRAdo 31
de outubro
ao 9
de novembro

▶ XOVES 31 OUT

P2 19.30H
INAUGURACIÓN DA SEMANA DE VEDRA

Actuación do grupo de baile "Os Campiños" e das pandereteiras "Dedaleiras" da A.C. San Campio

VIÑO GALEGO

▶ VENRES 1 NOV

P1 10.00H
INCHABLE con CPM EventosP0 13.00H
ENTROIDO TRADICIONAL DA ULLA con Xenerais, Correos e VelladaP2 13.30H
DEGUSTACIÓN do Vermú Nordesía19.30H
ACTUACIÓN das pandereteiras da A.C. Santiaguíño e Asociación de Pandereteiras Silandeiras20.00H
DEGUSTACIÓN de "Aguardientes de Galicia"

▶ SÁBADO 2 NOV

P1 10.00H
INCHABLE, ANIMACIÓNS E DISCO MÓBIL con CPM EventosP2 13.00H
DEGUSTACIÓNS DO VERMÚ NORDESÍA e dos produtos POLOS RIVADULLA18.00H
CONCERTO da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra18.30H
DEGUSTACIÓN "VEDRA DE TAPAS" co Fogar do Avó

▶ LUNS 4 NOV

P1 18.00H
ESPazo LITERARIO VEDRA19.00H
DISCO MÓBIL con CPM Eventos

▶ MARTES 5 NOV

P0 18.00H
OBRADOIRO DE TOCADOS con Charo López AtelierP1 19.00H
ESPECTÁCULO DE MAXIA con CPM Eventos

▶ MÉRCORES 6 NOV

P1 18.00H
OBRADOIROS "ULLA NATURALMENTE" coa Asoc. Raiceiros – Educación para o patrimonio natural19.00H
DISCO MÓBIL con CPM Eventos

▶ XOVES 7 NOV

P1 19.00H
ESPECTÁCULO DE BAILE E MÚSICA con CPM EventosP2 19.30H
DEGUSTACIÓN "VEDRA DE TAPAS" co Bar Barreiro

▶ VENRES 8 NOV

P1 19.00H
CONTACONTOS "El pirata Pedro y el barco de las velas de cristal" con Laura De la Torre e CPM EventosP2 20.00H
DEGUSTACIÓN dos viños da Adega CASA DO SOL20.30H
CONCERTO DE CORAIS (Coral da Terceira Idade de Vedra e Coro Leticia de San Xián)

▶ SÁBADO 9 NOV

P1 10.00H
INCHABLE, ANIMACIÓNS e DISCO MÓBIL con CPM EventosP2 13.00H
DEGUSTACIÓN dos aoves atlánticos GALEO19.30H
Peche da SEMANA DE VEDRA coa actuación da Requinta "A Gaita de Sarandón. Requiteiros da Ulla"20.00H
CATA PECHADA dos viños da Adega PAZO DE GALEGOS

ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 23 DE NOVIEMBRO

■ O grupo de sendeirismo continúa co seu Camiño Miñoto-Ribeiro, nesta ocasión e tras a cancelación do mes pasado, toca a etapa que vai de Cortegada a Beade. **Horarios e lugares de Recollida:**

- 7:00 horas. Saída da Estación de Autobuses de Santiago.
- 7:05 horas. Parada en Hipercor.
- 7:15 horas. Parada no Breixo.
- 7:20 horas. Parada en Lestedo.
- 7:30 horas. Parada en Mosqueiro.

Información e inscricións abertas ata o 21 de novembro no teléfono 981 814 691.



Servizos Sociais

LUDOTECA

■ Dende o ano 1989 celébrase a conmemoración do Día Universal dos Dereitos da Infancia o 20 de novembro. É un día de alegría e tamén de pensar e reflexionar sobre a situación e a participación da infancia no noso Concello.

Este ano colocámonos as lentes de xénero para reflexionar sobre se os dereitos dos nenos e as nenas se cumpren do mesmo xeito e desterrar algúns mitos sobre que poden e non poden facer homes, mulleres, nenos e nenas.

Dende o proxecto Conxuga seguimos a traballar na educación para a corresponsabilidade e a igualdade a través de todas as actividades que desenvolvemos na actividade lúdica e a través do xogo.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro musical.
- Obradoiro de habilidades sociais, como pedir axuda.
- O Magosto.
- Experimentos divertidos. "A profesora Chifrada".
- Xogos reunidos.
- Ximcana: "Os dereitos dos nenos e nenas".
- SuperChef.
- Contacontos: "Os dereitos dos nenos e nenas" e "Contacontos contra a violencia".

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Actividade con perspectiva de xénero.



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Excursión á comarca de Ferrolterra.

Mércores 6 de novembro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte e comida) - prazas limitadas-

■ Escola do Móbil: xestións seguras na web.

Luns 11 de novembro ás 20:00 horas no Centro Social.

■ Baile e magosto.

Domingo 17 de novembro ás 18:00 h.

Concurso de doces caseiros.

Baile con grupo musical.



Así foi o Inicio actividades 3ª idade para o novo curso.

■ Cine a maiores: "Cine de época"

Venres 22 de novembro ás 21:00 h. no Centro Social.

Proxección dunha película de época.

Haberá flocos de millo!!!

■ Bingo

Xoves 28 de novembro ás 20:00 h.

Mulleres

VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS AÑO 2019

48



■ Un home viola a unha muller, iso é violencia. Unha muller gaña menos que un home no mesmo posto de traballo, iso é violencia. Un adolescente maltrata á súa noiva, iso é violencia. Un grupo de amigos grítalle cousas a unha muller só para demostrar a súa "hombría", iso é violencia. Un home cre que "a súa" muller é "o seu" obxecto, iso é violencia. E todo iso é responsabilidade nosa. De todos e todas.

Cada 25 de novembro celébrase en todo o mundo. Esta data conmemora o asasinato das tres irmás Mirabal, o 25 de novembro de 1960, militantes opositoras á ditadura que exerceu, por máis de 30 anos, Leónidas Trujillo na República Dominicana.

Segundo a "Declaración sobre a Eliminación da Violencia Contra a Muller", emitida o 20 de decembro de 1993, "enténdese por violencia contra a muller, todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade,

tanto se se producen na vida pública como na vida privada".

Por este motivo, durante o mes de novembro viremos desenvolvendo distintas actividades:

- Mesa Redonda "Diversidade de Mulleres".
- Viñetas contra a violencia de xénero.
- Cine fórum "Corta coa Violencia".
- Graffitis

TI PODES CAMBIAR AS COUSAS, PARTICIPA!

Para máis información: teléfono 699 041 486 ou no enderezo carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA DE GALICIA

“ENREDADAS NOS FEMINISMOS”

■ Consiste en talleres nas parroquias do Concello de Vedra onde se traballará o empoderamento da muller rural, a construción dunha identidade colectiva, a importancia do asociacionismo, a igualdade de oportunidades, **prevención da violencia de xénero**, fomento do autoemprego e o cooperativismo.

Contidos da formación:

1. Introducción ao activismo social, feminismo e perspectiva de xénero.

2. As asociacións de mulleres e o seu papel transformador.

3. Acción local e transformación global.

4. Sensibilización e prevención da violencia de xénero dende a participación cidadá.

Desenvolveranse do seguinte xeito:

Parroquia	Día	Lugar	Hora
S. Xián-Illobre	7 de novembro	Local da Asociación Veciñal	Ás 19:00 h.
S. Fins	14 de novembro	Local Social	Ás 19:00 h.
Vedra	19 de novembro	Casa 3ª Idade	Ás 19:00 h.
S. Pedro-Trobe	21 de novembro	Na Casa da Fábrica	Ás 19:00 h.
S. Pedro de Vilanova	26 de novembro	Local Social de Picón	Ás 19:00 h.
S. Miguel-Merín	27 de novembro	Casa da Cultura	Ás 19:00 h.
Sta. Cruz	28 de novembro	Casa da Estación	Ás 19:00 h.
S. Mamede	29 de novembro	No Local da Escola	Ás 18:00 h.
Ponteulla	29 de novembro	Na Rectoral	Ás 19:00 h.

ATENCIÓN!!

Imprescindible inscrición previa en cada unda das sesións!!

Inscricións abertas ata 2 días antes de cada cita no teléfono 699 041 486 ou 981 81 46 93; en horario de 9:00 a 13:00 h. ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

ANÍMATE E PARTICIPA!!!

Iniciativas Asociativas

ASOCIACIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ A Asociación Escolas Deportivas de Vedra comparte toda a información xerada da súa actividade:

- Calendario de competicións do seu Club Escolas Deportivas de Vedra – Fútbol Base para o mes de novembro.
- Resultados dos seus encontros.
- Información de interese,...

Todo na súa páxina oficial de facebook (Escolas Deportivas de Vedra). #Goza do fútbol base cos equipos do noso concello!!



ESCOLA JUDO CLUB TEMPADA 2019-2020

TEMPADA 2019 - 2020

3 ANOS A 6 PRIMARIA

Martes 17:00 recollida no CEIP
17:30 a 18:30 Clase de Judo

Venres 17:00 a 18:00

Lugar Pavillón Municipal de Vedra

ES.O. / BACHARELATO / ADULTOS

Luns 20:30 a 22:00

Martes 18:30 a 20:00

Venres 18:00 a 19:30

Lugar Pavillón Municipal de Vedra
Poden traer roupa para ducharse e cambiarse

**ESCOLA MINI (3 A 6 ANOS)
NIVEL INICIACIÓN**

Psicomotricidade e conceptos básicos. Iniciación o Judo. Clases de 45 minutos

Venres 16:00 a 16:45

Lugar Casa Cultural San Xán de Sales
"A Curuxa"

Escola Mini - 10 € / MES

3 a 6 PRIMARIA - 15 € / MES

ESO E BACHARELATO - 18 € / MES






BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA

Concerto "Santa Cecilia"

Despedida do director da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.

Programa:

- Data: sábado 16 de novembro.
- Ás 17:30 horas misa por Santa Cecilia.
- Ás 18:00 horas concerto da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- Lugar: Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

Actividade de balde e aberta ao público en xeral.

Deste xeito a banda de música de Santa Cruz quere celebrar os 9 anos que Don José Rodríguez Ramos dedicou a esta entidade.

ASOCIACIÓN AMABUL 1) XORNADAS MICOLÓXICAS COGOMELAR

**Xornadas micolóxicas
COGOMELAR**

**OS COGOMELOS SILVESTRES
NO BOSQUE DE RIBEIRA**

Saídas de campo, identificación
e clasificación de especies, microscopía micolóxica

**16, 23 e 30 de novembro
de 10:00 a 14:00 h.**

Imparte: Chemi Traba

Inscrición: Gratuíta

Cota de materiais: 20 € (lupa e navalla micolóxica, guía de campo, carpeta, fichas, bolígrafo e lapis)

Lugar: Centro Sociocultural de Vedra
42.772594, -8.483125

Máis info e inscricións: [620 424 090](tel:620424090)
asoc.amabul@gmail.com
[@asoc.amabul/](https://www.facebook.com/asoc.amabul/)







2) AULA DE INVERNO - A VESPA VELUTINA

**AULA DE
INVERNO**

**Aula Ambiental
ULLA**

A VESPA VELUTINA

Sábado 30 de novembro ás 19:00 h.

Dirixido a

Público xeral que teña interese en coñecer máis sobre a vespa asiática e sobre ferramentas para o seu control

Requisitos

Querer aprender sobre o ciclo de vida da vespa velutina, diferenciar as avespas máis comúns e aprender a mellorar técnicas e momentos para o trampeo

Onde

No Centro Social de Vedra, a partir das 19:00 horas

Para máis info, segue a actualidade de cada acción en <https://www.facebook.com/asoc.amabul>






AO BOMBO DA “GAITA DE SARANDÓN” - REQUINTEIROS DA ULLA

POR CUMPLIR NESTE 2019
90 ANOS ESPALLANDO
CULTURA AO SON DA SÚA
MÚSICA!!

A POR OUTROS 90!!



Así Non

■ Seguimos a loitar contra os vertedoiros incontrolados e totalmente inxustificables!!

Para mostra un botón... Esta imaxe corresponde a un punto de Vedra que está escasamente a 1 quilómetro do Punto Limpo Municipal!!

Unha vergoña que temos que tentar evitar!!



TEN TODA A INFORMACIÓN DE VEDRA NA APP CONCELLO DE VEDRA

■ Descarga “Concello de Vedra” no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tablet, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa que poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.